

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Nº 85

ABRIL - MAIO 2007

Editado 23/04/07

NOVO PRESIDENTE DO CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

O pasado día 12 de abril rematou o prazo de presentación de candidaturas a president@ de CLUB MONTAÑEIROS CELTAS, toda vez que só se presentou unha única candidatura, o día 20 de abril, e seguindo o calendario electoral aprobado na última Asemblea Xeral Extraordinaria, quedou nomeado FERNANDO FERNÁNDEZ REY, como novo Presidente, dando así cumprimento á disposición 4.8 do Regulamento de Réxime Electoral.

Remata así a situación de eventualidade e provisionalidade que supuña o traballo en Comisión Xestora.

A partir de agora tocaralle desenvolver as bases do seu proxecto e nomear ao seu equipo colaborador, na seguridade de que os que ata agora foran membros da Comisión Xestora apoiarán decididamente ao novo presidente.

Dende estas páxina dámoslle os nosos parabéns e desexámoslle un traballo fructífero e gratificante.

Neste número:

<i>Novo Presidente</i>	<i>1</i>
<i>Mellor Club de Galicia 2006</i>	<i>1</i>
<i>Axenda</i>	<i>2</i>
<i>Info Xeral Club</i>	<i>2</i>
<i>Info Xeral FGM</i>	<i>2</i>
<i>Actividades Sociais</i>	<i>3</i>
<i>Micoloxía</i>	<i>3</i>
<i>Bici de Montaña</i>	<i>3</i>
<i>Infantil</i>	<i>4</i>
<i>Montañismo</i>	<i>6</i>
<i>Sendeirismo</i>	<i>8</i>
<i>Vindeiras Activ. Montaña-Sendeiros</i>	<i>9</i>
<i>Actividades Subacuáticas</i>	<i>10</i>
<i>EspeleoSección</i>	<i>11</i>
<i>Vindeiras Actividades</i>	<i>12</i>

Foto: Carlos G. Hervella.



O Presidente saínte, Jose López Pérez (Sechu) -co trofeo na man- e o novo Presidente Fernando Fernández Rey -á dereita- durante a recollida do premio que a FGM concedeu ao noso Club como o Mellor Club de Galicia do ano 2006, durante o acto celebrado o día 10 de marzo pasado.

MELLOR CLUB DE MONTAÑISMO DO ANO 2006

A Federación Galega de Montaña, volveu distinguir, por CUARTO ANO CONSECUTIVO, ao noso Club co premio ao MELLOR CLUB DE MONTAÑISMO DE GALICIA, o que debe servir para facernos sentir cheos de orgullo e satisfacción polo traballo desenvolvido.

O noso agradecemento a todas as persoas que co seu traballo, esforzo e colaboración fixeron posible este premio.

Comisión Xestora

AXENDA

- Venres, 27 abril Proxección de fotos e charla: “Expedición Quiroga-Muztagh ata 2006”. Por Ramón Vila. No Club ás 20.30 h
- Venres, 1 xuño Charla: “**Metereoloxía e a Montaña**”. Por Antonio Fernández Pena “Cholo”. No Club ás 20.30 horas.

INFO XERAL DO CLUB

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 10.3.06

O pasado día 16.3.07 celebrouse no local social a Asemblea Xeral Ordinaria, seguida dunha Extraordinaria pola que se volveu convocar eleccións a Presidente do Club.

No comezo da Asemblea Xeral Ordinaria presentouse a actual composición da Comisión Xestora. Os seus membros deron conta aos socios presentes do resumo de actividades e actuacións desenvolvidas durante o pasado ano pola Xunta Directiva presidida por Sechu, e xa no último mes, pola Comisión Xestora. Así mesmo, aprobáronse as contas do 2006 e o orzamento deste ano 2007.

Informouse da actual situación do Club, onde a falta dun/ha presidente/a e polo tanto dunha Xunta Directiva e dun proxecto concreto, a Comisión Xestora debe tratar de que a xestión do Club non se paralice, traballando fundamentalmente nese sentido, aínda que será inevitable que se note a situación actual sobre todo no número de actividades que se levarán a cabo.

A Asemblea acordou dedicar, por unanimidade e seguido cun aplauso de todos os presentes, o VI Concurso de Fotografía de Montaña a un veterano do noso Club cunha importante traxectoria como montañeiro e como espeleólogo, e que nunca deixou de manter contacto co Club, apoiando o traballo de todas as Xuntas Directivas, e realizando tanto colaboracións escritas, no boletín e na revista, como coa súa presenza en diversos actos. O seu nome: CHITO VEIGA. Parabéns!!

Marisa Núñez

JUAN CARLOS ALONSO PARADA PREMIO Á TRAXECTORIA COMO DEPORTISTA

O pasado día 10 de Marzo, como ben sendo tradicional, tivo lugar o XII ENCONTRO E ENTREGA DE DISTINCIONS DO MONTAÑISMO GALEGO. O acto foi no Hotel Coia de Vigo, e alí fíxose entrega do premio ao mellor alpinista galego ao socio do Club Montañeiros Celtas, Juan Carlos Alonso Parada, alpinista vigués que experimentou unha continua evolución na alta montaña, realizando ascensións e escaladas nos Picos de Europa, Pirineos, Alpes, Pamir Tien Shan e Himalaia, e contando, ademais, co honorífico título de Leopardo das Neves (alcanzar os 5 máis altos cumios da ex-URSS), sendo un dos poucos alpinistas en facelo en solitario. Fíxose merecedor do actual galardón pola súa ascensión ao Broad Peak (8.047 m.), no Karakorun Paquistani.

Ter un montañeiro co currículo deportivo de Juan Carlos é un honor para o noso Club, e polo tanto, queremos felicitalo polo seu premio, que seguramente non será o último, darlle ánimos e desexarlle sorte nos seus vindeiros obxectivos.

Fernando Fernández Rey

INFO XERAL DA FGM

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO. 10 DE MARZO 2007

O día 10 de marzo celebrouse no edificio das Federacións, en Vigo, a Asemblea Xeral Ordinaria da FGM. O noso club ten representación na citada Asemblea e tamén é membro da Comisión Delegada da Federación.

Antes da Asemblea, que se celebrou ás 20 horas e nunha xornada maratoniana que comezou ás 11 da mañá, foron convocados os clubs de montaña de Galicia para tratar o tema das seccións infantís e xuvenís, e amosouse a preocupación por este sector de idade que non ten unha base moi ampla, e son o futuro do montañismo. Tan só representantes de 4 clubs fomos quen de presentarnos a esta reunión. Abordáronse temas da necesidade de preparación de monitores, e de incentivar o seu labor, de achegar a información de xeito máis efectivo aos socios dos clubs e ampliálo aos Institutos, ou centros de ensino onde realmente se atopa a masa a que potencialmente poden ir dirixidas as actividades dos clubs, e a posibilidade de subvención por parte da federación para facer que as actividades que se organicen sexan máis doadas para as familias.

Despois desta reunión, que rematou máis alá das trece horas, houbo ás 16 horas reunión da comisión Delegada, e tras ela deu comezo a Asemblea Xeral ordinaria. Aquí aprobáronse as contas do ano 2006, comentouse a Memoria das Actividades Federativas do ano pasado e distribuíronse as actividades



Foto: Carlos G. Hervella

Federativas do ano 2008 entre os clubs. Montañeiros Celtas fíxose cargo da Activade Federativa de Esquí de Travesía e do IV Campionato Galego de Escalada de Base.

A Asemblea confirmou o nomeamento do noso Club como o MELLOR CLUB GALEGO DO ANO 2006.

Votouse a proposta da Agrupación de Montaña E. Bestarruza para que se suprima a obrigatoriedade de ter un mínimo de 15 licencias ao ano para pertencer a FGM, proposta que non saíu adiante despois de efectuarse a votación correspondente.

Na Asemblea están representados 16 clubs de todos os que están adscritos á Federación que son 37, xa que en aplicación da normativa da Lei do deporte Galego, só poden estar representados na asemblea, aqueles clubs que teñan un 2% das fichas totais que teña a Federación correspondente.

Fernando Fernández

Club Montañeiros Celtas

CHARLA SOBRE LESIÓN DEPORTIVAS: PREVENCIÓN, 23 de marzo

Xeo, xeo e máis xeo, foi a conclusión máis salientable da charla que sobre prevención de lesións deportivas nos deu no noso local social o fisioterapeuta Camilo Iglesias o pasado día 23 de marzo.

Nun ano no que tivemos varias roturas de pernas entre os

nosos Socios, Camilo fíxonos unha recomendación fundamental. Precísase unha gran dose de paciencia para curar este tipo de lesións.

Un saúdo e o desexo dunha pronta recuperación a Jacobo, que acaba de aumentar a lista de roturas.

Conchi Barciela

MICOLOXÍA

LUNS MICOLÓXICOS DE PRIMAVERA

Comeza a primavera e con ela a temporada de cogomelos.

Se queres internarte neste misterioso mundo dos fungos, aprender moitas cousas e aclarar dúbidas dos exemplares que teñades recollido durante a fin de semana a cita é no noso local social de Montañeiros Celtas os seguintes luns a partir das 20.00 h

- MAIO: días 14, 21 e 28

- XUÑO: días 4 e 11

A Zarrota

EXCURSIÓN MICOLÓXICA AOS ALTOS DO GOLÁN- A LAMA

O sábado día 23 de xuño iremos recoller cogomelos aos altos do Golán, na Lama.

Sairase en coches particulares dende o Sanatorio Concheiro de Vigo. Esperamos intercambiar coñecementos e pasar unha bonita xornada micolóxica con todos vós.

A Zarrota

BICI DE MONTAÑA

SAÍDA EN BICI “PARA PRINCIPIANTES” 18 de febreiro

Eran as nove da mañá e poucos participantes nos atopamos fronte ao club. Eu que fun o primeiro en chegar puíden despedir a un grupo de celtas, que ían colocar un buzón en non sei que cumio, capitaneados por Fernando, ESCRICH e Jaime. Que tempos estes de agora! “buzóns de aceiro INOX”. Antes marcabamos na pedra máis alta un punto vermello e un cadradiño, ate que apareceu o “águia”, entón aquel signo que nunca soubemos ben se era unha águia ou unha raspa de peixe fíxose famoso, e era o que a xente procuraba ao chegar ao cumio. Pero ben, imos ao da bici que é o que hoxe teño que redactar.

Pois ben, quen estabamos ás nove? Xulio (organizador), Chao, Enrique Soto e eu. Pouco despois aparece Maxi, que nos di que se nos unen o grupo de bici de montaña “os do Porrón”. Que alegría contar cuns bos amigos que non se fixeron esperar! E aquí viñan nas bicis, eran: Crispín (con excelente careta italiana e lucindo unha fermosa melena dourada, moi propia do día de Entroido que era), seguíanlle Luís e o seu fillo Ricardo (que é o “pecha cancelas” do grupo), Antonio, Manolo (o fisioterapeuta) e outro Manolo (“Yoshua” ou a forza en bici). Que ledicia que xa eramos “ONCE”!.

Marchamos en coches á estación do tren de Redondela e desde alí comezamos a marcha, poñendo rumbo cara Cedeira, subindo por costas empinadas que puxeron a proba as nosas pernas e a vontade de superación, como no caso de Enrique Soto, que logo comentou que fora moi dura para el, xa que levaba seis meses sen coller a bici. Descansamos un chisco cando atopamos a pista da “traza da auga”, para despois seguir por pistas e camiños en dirección aos Valos. O percorrido era de pouca dureza, pero ten preciosas vistas cara Redondela, Cesantes e a Illa de San Simón. Todo moi fermoso!.

Durante o percorrido atopamos con moitos ciclistas e entre bromas, boa charla e máis dunha molladura, natural



ou provocada por algún participante, nos abondosos charcos que tiña o percorrido, chegamos a Amoedo.

Por estrada baixamos ata Redondela, atravesando pola rúa principal, o que nos deu ocasión de ver aos entroidos que por alí andaban e ao mesmo tempo mostrar aos paseantes que por alí andaban un grupo de “beteteros” un pouco enlamados, pero moi contentos. Paramos na gasoleira da saída de Redondela, pero non para encher o depósito, senón para pasar todas as bicis e pernas pola pistola de auga a presión.

E aquí rematou esta saída que era para “NON INICIADOS”, pero o certo é que todo o grupo xa tiña algunhas horas de bicicleta no corpo. Mais animamos aos que queiran comezar, que non dubiden, xa que se queredes novas e boas experiencias, anotádevos na vindeira saída.

Ah! Non podó rematar sen dicirlle algo a ESCRICH, xa que de momento deixou de ser responsable da sección de “bici de montaña” do club: “amigo ESCRICH, acepta este pequeno recordo en nome de todos aqueles moitos, amantes de vivir a montaña sobre dúas rodas e que compartimos horas e máis horas, ás veces case interminables, sobre aqueles fermosos paraxes que ti nos preparabas. Unha aperta de todos”

Vázquez

Memoria da Actividade :
ACTIVIDADE INFANTIL DE INVERNO

Datas: 3 e 4 de marzo
Aloxamento : Refuxio de Albite, ubicado na Serra do Xurés (Ourense)

Participantes : 16 nenos/as
Actividades:

SÁBADO 3 :

Saímos de Vigo seguindo o noso horario habitual das 9:00 h. Ás 11:30 chegamos a Lobios, dirixímonos ao Centro de Interpretación do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés. Alí esperábanos un monitor do Centro para ensinarnos a exposición permanente sobre o Parque e pornos un vídeo cun simpático protagonista: Xurín, unha cabra das autóctonas do Xurés. Ao rematar collemos de novo o autobús e por unha estrada serpenteante chegamos á pequena aldea de Albite. Descargamos, acomodamos a equipaxe nas habitacións e xantamos no comedor arredor das 14:00 h. Tempo de lecer e xogos no exterior do refuxio ata as 16:00 h., que iniciamos unha ruta circular de sendeirismo, Albite-Cela. Volvemos sobre as 19:00 h. e xogamos ata a cea, ás 20:30 h.. Velada nocturna con xogo de puzzle xeométrico, comecocos e intermitente contemplación da eclipse lunar: da brillante lúa chea á tímida lúa árabe. E coa lúa agochándose na nosa sombra deitámonos ás 23:30 h.

DOMINGO 4 :

Erguémonos con preguiza ás 8:30 h. Sobre as 9:30 h. almorzamos (por conta da organización): croissants, galletas, cola-cao e deliciosas mandarinas (agasallo dun pai). Recollemos a equipaxe e limpamos o refuxio. O tempo non prometía nada bo: frío e tremendos nubarróns, mais mellor que quedar no refuxio e como montañeiros que somos decidimos facer o que poideramos da ruta prevista. O autobús recolleunos ás 10:30 h. e levounos máis alá de

O grupo na vila de Cela



Entrimo, onde empezaba o sendeiro, en Queguas. Acompañounos un garda do Parque, Jesús. Empezamos o camiño con ganas e con poalla que pouco a pouco foise convertendo en chuvia. Pasamos por un bosque de carballos, por aldeas abandonadas con restos das antigas vacas onde deixaban as vacas os pastores, as fermosas vacas “cachenas” do Xurés. Vaia con elas, con desafiante cornamenta e ollos de actriz italiana, pena que non as vimos pois estarían agochándose da chuvia. Como o camiño xa era un regato, ás 14:00 h. volvemos ao autobús. Cambiámonos e iniciamos a volta, esperando que escampase para parar a xantar. Xantamos nunha estación de servizo pouco despois de Ourense. Decidimos volver a Vigo e facer algunha actividade no local do Club, xa que con ese tempo non podíamos parar en ningún sitio. Chegamos sobre as 18:00 h. No club, algúns estiveron escalando no bulder e outros rematamos a sesión de cine empezada no bus, ata as 20.00 h. que foron chegando os pais.

Carmen (monitora)

**III CAMPIONATO GALEGO
DE ESCALADA BASE
SÁBADO 2 DE XUÑO**


Por terceiro ano consecutivo, o noso Club organiza en colaboración coa vogalía de Escalada de Competición da FGM o III Campionato Galego de Escalada Base, que se celebrará o próximo día 2 de Xuño, no Pavillón de deportes das Travesas, na súa pista vermella, a partir das 16.00 horas

Está dirixido aos menores de idade.

Os que teñan entre de 3 a 11 anos poderán participar na fase **NON COMPETITIVA**. Non precisan estar federados nin pertencer a ningún club. Con xogos sinxelos poderán coñecer máis de cerca o mundo da escalada, gabearán no rocódromo e poderán intentar algunha escalada sinxela, co seu arnés, o seu casco.....

Os que teñan entre 12 e 17 anos deben estar federados e **COMPETIRÁN** nesta proba de escalada deportiva.


Haberá agasallos para os participantes e **PREMIOS** para os gañadores nas diferentes categorías.



**INSCRICIÓNS
C. MONTAÑEIROS
CELTAS**

PREZO: DE BALDE

**LÍMITE DO
PRAZO: 30 DE MAIO**



A "OPERACIÓN BENXAMÍN" é un curso de iniciación ao montañismo que está encamiñado a fomentar a afección ao deporte en plena natureza.

No curso formarase aos participantes, dun xeito teórico e práctico, nas variadas facetas que presentan os deportes de montaña e o medio no que se desenvolven.

Está dirixida a nenas e nenos de idades comprendidas entre os 8 e 13 anos, e a cargo deste curso atópase un equipo voluntario de monitores con experiencia na práctica do Montañismo e na educación no tempo de lecer.

A experiencia e prestixio que Club Montañeiros Celtas acadou para desenvolver este curso, ven avalado polo feito de ser este o XL ano consecutivo que se realiza.

PREZO de todo o curso:

Socios: 35 EUROS

(Dous irmáns socios: 30 EUROS cada un)

Non socios: 50 EUROS

IMPRESINDIBLE
LICENCIA FEDERATIVA da FGM
e AUTORIZACIÓN PATERNA

IMPORTANTE A TER EN CONTA:

- ! É imprescindible levar **ROUPA E CALZADO DE REPOSTO** (por se nos mollamos).
- ! O **CHUVASQUEIRO** debe levarse sempre, Inda que faga bo tempo.
- ! **NON LEVES COUSAS COLGANDO** polo exterior da mochila, podes perdelas ou rompelas.
- ! **ALIMENTACIÓN. DEBES LEVAR AS COMIDAS DE TODOS OS SÁBADOS E DOMINGOS, (AS CEAS SON A CARGO DA ORGANIZACIÓN), TAMÉN ALGO PARA PICAR NAS ACTIVIDADES. OS ALMORZOS CORRERÁN A CARGO DA ORGANIZACIÓN.** Tamén haberá leite despois das ceas para quen o desexe (O neno/a que non poida tomar leite terá que INDICALO NA FICHA MÉDICA).
- ! Cando escollas a **COMIDA** lembra que na Montaña debe ser alimenticia, de doada dixestión, APETECIBLE e facilmente transportable. Por exemplo: tortilla de patacas, bistés empanados, pescado frito, empanadillas, sandwichs ou bocadillos, CHOCOLATE, FROITOS SECOS, GALLETAS, queixo e froita QUE AGUANTE.
- ! **Aseo.** É recomendable levar un neceser con xabón, toalla, cepillo e pasta de dentes... E Non esquecer a medicación necesaria, de estar a tratamento.
- ! **Non** se pode levar móbil, aparellos de música, videoxogos e similares.

PROGRAMA BÁSICO
(Máis información no Club)

PRESENTACIÓN VENRES 4 MAIO

Ás 20.00 horas no local social do Club Montañeiros Celtas. Proxeccións de fotografías de anos anteriores. Recomendacións.

MONTE ALOIA	Sábado, 5	Saída cara ao <u>Monte Aloia</u> . Distribución no refuxio do Club. Xogos. Explicación do Parque Natural, da flora e fauna. Percorrido pola zona. Charla explicativa de montaxe de mochilas: o que hai que levar e como.
	Domingo, 6	Charla sobre alimentación na montaña. Ruta: ir ao centro de interpretación Sendeiro: Rego da pedra. Charla explicativa sobre concurso de cociña. Xogos na senda botánica.

MONTE DE OIA	Sábado, 12	Saída cara aos Montes de Oia. Teoría dos materiais de escalada e iniciación. Ruta pola zona. Charla sobre montaxe de campamento. Xogos. Astronomía.
	Domingo, 13	Recollida de campamento. Ruta pola zona. Charla de como equiparse na montaña. Concurso de cociña.

Venres, 8 xuño 20.00 horas: Clausura.
Proxección de fotografías do curso. Entrega de agasallos. Local do "Club Montañeiros Celtas".

CLAUSURA

MATERIAL NECESARIO: Comida, cubertos e cantariño. Mochilas (grande e pequena). Saco de durmir e esteira. Botas de montaña. Roupa cómoda (chandals). Calcetíns (finos e grosos). Chuvasqueiro. Roupa de abrigo: anorak, gorro... Gorra e buf. Lanterna e cantimplora. Protección solar: crema e gafas

Nota. Ademais da Operación Benxamín, o Club organiza o 26 e 27 de maio o **XI Campamento Galego Infantil-Xuvenil de Espeleoloxía**, que se desenvolverá nas furnas da zona de Cangas do Morrazo. Máis información nas oficinas do Club.

BURBIA: SENDEIRO. 10 e 11 de marzo

Primeira saída cos Celtas e primeira saída montañeira en máis de medio ano. E para comezar, un destino prometedor, Os Ancares Leoneses. A elección non podía ser mellor, calquera reserva respecto do grupo totalmente descoñecido, desaparece axiña, e un síntese plenamente integrado dende o primeiro momento.

Chegamos á aldea de Burbia, mestura un tanto anárquica da fermosa arquitectura tradicional leonesa e feísmo arquitectónico español, preto da unha da tarde, e tras deixar no albergue que nos acollerá á fin do sendeiro, todo o equipo superfluo, comezamos a camiñar por unha pista ampla e comfortable, que remonta o río Burbia rodeada de castiñeiros, carballos e acivros.

Axiña abandonamos esta pista e máis o río, para comezar a ascender cara ao destino dese día, o pico Lagos, por entre un bosque pechado onde non tardaron en aparecer os primeiros neveiros.

Tras un xantar ben merecido, acompañados por un sol xeneroso e unha ampla panorámica do val de Burbia, continuamos a ascensión por entre unha neve dura, cada vez máis presente, que fixo que resultase penosa a progresión a medida que nos achegamos ao lago e á fin da etapa. Unha vez arriba, tras gozar das fermosísimas vistas e despedirnos do grupo de travesía, que partiu para colocar en algures un pequeno buzón de lata, desandamos o camiño ata o albergue onde nos atendía unha cea reparadora e unhas boas risas entre amigos.

Ao día seguinte, marmelada da casa, pan e cola cao marcaron o inicio do camiño, cun novo guía desta vez, un can terranova que insistiu en acompañarnos polos doce quilómetros de pista transitábel, que entre cerquiños e mato, levounos ata as brañas de Campo del Agua conxunto de pallozas semi-abandonado, rodeado de pasto, no que se respiraba un aire de nostálgica tranquilidade que invitaba a repousar e refrescar os pés nas súas augas, mentres o sol castigaba docemente os rostros descubertos.

O camiño de volta levounos ata a beira do Burbia, que tomamos como guía, para nos obsequiar cun prado soleado e acolledor ao carón dun refuxio de pesca, onde gozamos dun xantar preguiceiro, arrolados polo son da auga, antes de afrontar os derradeiros quilómetros que nos levaron de volta ao encontro do grupo de travesía, ao autobús, e de volta para a casa.

Cándido Rial



TRAVESÍA POLOS ANCARES DE LEÓN: MONTAÑISMO. 10 e 11 de marzo

Como ben conta Cándido na súa crónica do sendeiro, o primeiro día fixemos a mesma ruta os de sendeiros e os de travesía, pero mentres os primeiros unha vez chegados aos lagos, volvían cara ao albergue, aos de travesía quedábanos un encargo por facer, subir cemento e demais materiais cara ao Mostallar para colocar un “buzón de cumio” do Club, traballo que non puidemos facer nesa tarde xa que a noite e as dificultades da neve impedíronnolo.

Así que de volta á cabana do “acebalín”, para cear e durmir, que ao día seguinte a xornada ía ser dura.

Co conseguinte madrugón, iniciamos a xornada deixando atrás o hotel, e a través dos lagos de Burbia, iniciamos a subida ao Mostallar (1924m), onde tanto Tito como Carlos amosaron a súa habilidade coa paleta e demais útiles, deixando a pegada do club en forma de buzón.

A subida ao Mostallar non foi sinxela. A neve non estaba para moitos tratos, pero as ganas estaban por riba de todo, e logo das correspondentes fotos en torno ao buzón, iniciamos o pronunciado descenso do Mostallar, e sen solución de continuidade a subida ao Penalonga (1800m), para dende alí continuar cara ao Cuíña, que cos seus 1987 metros é o pico máis alto da serra. No seu cumio puidemos divisar unha fermosa vista da Serra dos Ancares e parte da Cantábrica.

Iniciando o descenso do Cuíña, encamiñámonos cara a Dos Hermanitos, onde xa entre o cansazo e algunha dificultade no paso cara aos picos, fixéronnos a todos poñernos en máxima tensión.

...Mais unha vez pasados estes picos pequenos, pero difíciles e repostas as forzas co xantar do día, comezamos a camiñar por un estreito sendeiro no inicio para irse convertendo nunha pista que nos levou ata Burbia e o autobús.

Quería dende aquí ter un recordo para Julio do albergue de Burbia, porque sempre ten un bo consello, unha palabra de ánimo, e axuda a todos aqueles para os que a montaña é algo máis que unha fermosa afición. Grazas.

Federico Rodríguez

PICOS DE EUROPA: SENDEIRO 5,6,7 de abril 2007

Somos catro amigos que aínda fai a penas uns días nos inscribimos neste Club de montaña, e xa nos metemos para a nosa primeira aventura.

Saímos de Vigo o mércores día catro ás 23:00, e despois de toda a noite de viaxe, ás 8:30 do xoves xa estábamos descargando o equipo na aldea de Esanos cerca do Concello Cántabro de Potes.

Instalámonos nunha casa parroquial destinada a albergue, case sen darnos conta e medio dormidos xa estábamos camiñando no noso primeiro sendeiro, comandados pola incombustible Conchi. Tratábase da subida a Peña Sagra con intencións de coroar o Cascanueces (1562 m). Cruzando a aldea de Esanos atopábase o sendeiro que nos conduciu ata a aldea de San Pedro, onde xa empezamos a ver os primeiros indicios de neve. A subida era bastante entretida e xa non nos lembrabamos do sono que nos invadía ao comezo. De súpeto o camiño xa non se distinguía pola neve e comezou o que máis me

gusta destas situacións, “vamos por aquí, seguimos por alí e a ver se aparece o sendeiro de acolá”, a improvisación. Unha vez retomado o sendeiro, despois da aventuriña e de recuperar forzas cunha paradiña para levarse algo á boca, démonos conta da importancia das famosas “polainas” que nós non levabamos. Coa neve polos xeonllos desvíamonos do sendeiro para xantar e gozar das espléndidas vistas dunhas antigas cabanas que nos ofrecía o enclave. Pronto chegamos ao refuxio onde se nos uniu un novo compañeiro ao que non invitáramos, refírome á brétema. A neve cada vez máis branda, axudaba ao desgaste das forzas, a brétema non deixaba ver o cumio e facíase máis espesa. Meu primo descoñecido ata esta viaxe, Sueiro, era o único que levaba raquetas e seguiu en cabeza abrindo sendeiro. Pouco a pouco entre a brétema e a fatiga foron caendo compañeiros que desistiron no intento. Nós, non tardamos moito máis e tamén preferimos esperar aos valentes lonxe da néboa, polo que comezamos un descenso que se presentaba divertido e sen “polainas”.

Unha vez no albergue, os nosos valentes contáronnos como se quedaron a 200 metros do cumio por culpa dun neboeiro.

O segundo día a ruta prevista foi a da Hermida. O autobús deixounos unha vez pasada a aldea de Biñón. O condutor, Vasco, considerou que a ruta era moi curta e regalounos uns cantos quilómetros de estrada para patear, cando debería ternos deixado na aldea de Cabañes, comezo da nosa ruta. Resignados a aprender co chapapote, a nosa incansable monitora, Conchi, inventouse unha ruta alternativa, combinando un sendeiro inexistente con tramos de chapapote, o que fixo moito máis divertido e levadeiro o regalo do noso condutor. Despois de dúas horas de camiñada chegamos á aldea de Cabañes onde repuxemos forzas e comezamos o ascenso ao “Collado de la Pélea”; unha vez arriba deleitámonos cos nosos manxares, as pacíficas vistas e a bota de viño de Jesús o Vallisoletano, Moli para os amigos.

Comezamos un cómodo descenso cara a Hermida, con moito asfalto que ignoramos con risas e conversas. Rematamos a nosa ruta cunha boa cervexa na terraza do balneario da Hermida, que apenas empezabamos a saborear cando escoitamos o pito da gagua soando a todo meter, é que

bloqueaba a estrada creando unha enorme caravana de coches que tamén se uniron á orquestra do pito e o claxon. Ante semellante caos e coa copa que viña de se empañar polo frescor da cervexa, aparece da nada Conchi!!!, e en medio minuto xa estabamos todos subidos ao bus. Os máis listos encheron as súas botellas de agua coa cervexiña. E pouco despois xa no albergue a coller número para a ducha...

Terceiro día e último percorrido por estas maravillosas paraxes. Sendeiro Urdón-Tresviso, cun desnivel duns oitocentos trinta metros, unha distancia de 5.775 metros e unha duración de subida estimada en tres horas. Tratábase dun sendeiro bastante pronunciado de pedra solta, un auténtico pesadelo para os pés, pero un verdadeiro regalo para a vista, desde o seu inicio nas transparentes e cristalinas augas do río Urdón, coas súas pozas que invitan ao baño, ata os miradoiros da aldea de Tresviso no alto das enormes paredes que se levantan durante todo o percorrido.

Moita calor durante a subida, onde as nosas Rapazas de Ouro, tamén coñecidas como “As Supernenas”, que é como as chama cariñosamente o noso Jesús Moli, estiveron grandiosas e déronnos unha lección a todos. Quen dixo que o glamour e a montaña non eran compatibles?, pois aí queda iso.

Pola nosa banda, a dos catro amigos novatiños, Hiuma, Ana, Patxi e Oscar, agradecervos a todos, estes estupendos catro días que nos deixastes compartir convosco.

Ata a próxima compañeiros.

Oscar Sueiro Freigeiro.

PICOS DE EUROPA: MONTAÑISMO 5,6,7 de abril 2007

Despois dunha longa viaxe nocturna chegamos a Esanos. Non se podía perder

m o i t o
t e m p o .
D e i x a r
a
e q u i p a x e
e
s u b i r
a
P e n a
S a g r a
c u n
d í a
p r e c i o s o .
O
n o s o
p r i m e i r o
c u m i o
f o i
P e n a
V e n t o s a
(1.382).

A neve non nos deixaba avanzar. Riámonos uns dos outros, enterrámonos máis e máis. Algúns non eran capaces de saír. Seguimos ao Cascanoces (1562). Botóusenos a brétema e non puidemos atopar o cumio. Empapados decidimos regresar.

Luminoso amenceu o venres. Puntuais deixounos o autobús en Fuente Dé para coller o cable. Enfilamos cara a Padiorna (2319). Guiábase Carlos Pi. Algúns ían con raquetas abrindo pegada. O cumio era ideal para pór o mantel e os alcríques, unhas vistas impresionantes amosábanos Picos en todo o seu esplendor. Decidimos baixar pola Canal de Pedabejo, non sen antes ter certas dúbidas de cal era o camiño máis axeitado. Se o día anterior nos enterrabamos, esta vez as caídas eran monumentais. Sete horas de pateo en neve branda foi un bo exercicio para as pernas. Chegamos a Fuente Dé cansadiños.

Cando chegamos ao albergue esperábanos o grupo de sendeiro. Tiñamos dúas duchas para 35 persoas, mais organizámonos ben. As ceas eran o mellor. Había interesantes intercambios de produtos, ideas e chiscars. Todo regado cun excelente viño, obsequio do “churri” de Valladolid, Ángel.

E xa o sábado a Horcados Rojos (2506). O camiño máis doado que o do día anterior, pois estaba moi pisado. No collado uns decidiron tirar ao Tesoreiro (2570). Os demais á Torre. Carlos Pi deunos unha lección maxistral de cómo bailar con crampóns nunha pendente. Moi cerca do cable caeunos a treboada das cinco da tarde con gran nevarada. Carlos e Alex decidiron baixar pola Jenduda. Non sei como o fixeron porque estaba moi cargada neve. Chegaron empapados de arriba abaixo, pero felices coma nenños pequenos. Tiñamos presa. Ducharnos no refuxio foi coordinación. Todos queríamos poñernos guapiños para ir cear a Potes e tomar unhas sidrinas.

Rin moito. Unhas vacacións distintas con xente moi especial.

Conchi Barciela



No collado de Horcados Rojos co Naranjo de Bulnes ao fondo

PEDROSO - AVION, 18 de abril

Moito nos temiamos que a saída de sendeirismo prevista para o domingo 18 de febreiro A Paradanta-Arbo se anulara por falta de participantes; así foi, ¡vaia racha! E iso que anunciaban que melloraría o tempo; no entanto e dado que o Club tiña previsto a colocación de buzóns nos cumios do Pico do Pedroso e de Faro de Aviión, con altitudes que superan os mil metros, ofrecéronnos esta saída co único requisito de compartir coche, alternativa que non estabamos dispostos a deixar pasar.

Desprazámonos á Cañiza para recoller á participante número 12 e ao redor das 10,30 chegamos á igrexa de Petán, lugar onde deixamos os vehículos. O día estaba fresco pero sen chuvia, ideal para andar. Comezamos a ruta con paso relaxado buscando o acceso máis directo entre campos rodeados de alambradas; ao vernos, un veciño saíunos ao encontro. Amablemente acompañounos un tramo para indicarnos o mellor camiño para realizar a nosa ruta. Seguindo as súas indicacións, deixamos á nosa dereita a Laxa da Moura e seguimos camiñando por pista. No único cruzamento que atopamos tomamos a pista da dereita, para aos poucos metros ascender por unha costa que nos levaría directamente ao Pico do Pedroso, altitude 1069 metros, onde se colocou o buzón, instalado de forma moi respectuosa co medio ambiente e ¡como non! xa que estabamos alí, aproveitamos para realizar o acto de inauguración, sen cava, pero cunhas boas fotos como recordo.

Todo por pista e cos muíños como compañeiros de camiño seguimos cara ao Faro de Aviión. Á nosa esquerda a paisaxe de formas suaves, de rocas graníticas só se interrompía por pequenos vales que contrastaba poderosamente coas múltiples pistas repletas de muíños - todo sexa por acender o interruptor en casa - ; parece, segundo comentábanos o veciño de Petán, que as vacas atoparon o seu lado bo ao asunto dos muíños; no verán páranse diante do xerador porque, curiosamente, nesa zona non hai

moscas. Deben sentirse moi relaxadas sen ter que mover o rabo a cada momento. Hurra pola intelixencia vacún!

En aviión, 1153 metros, tamén deixamos testemuño fotográfico da inauguración do buzón coa esperanza de que se lle dea bo uso. Alí mesmo, xunto ao momento xeodésico, decidimos xantar relaxadamente, pero só o tempo necesario, parados facía un pouco de fresco. Comezamos a baixar por pista e tamén monte a través, descubriendo algunha que outra fervenza, ata chegar á zona recreativa Xestosa e ver a súa ermida con bastantes velas acesas e exvotos; no exterior, un sarcófago antropomorfo cheo de auga de chuvia - segundo din milagreira - e dalgunha que outra moeda. Mentres calculabamos a altura do seu posible ocupante, Antonio, que sabe moito destas cousas, mostrounos os surcos na pedra que servían para impedir a entrada de auga no sarcófago. Moi preto de aquí, áchase o nacemento do río Tea, se cadra o principal afluente do baixo Miño.

Baixamos a Nieva e mentres os conductores ían buscar os coches, o resto esperabámoslles no bar tomando unha cervexa e charlando cos do lugar sobre a achega económica que supón para a comunidade de montes a instalación dos muíños. E isto é todo por hoxe. Ata pronto.

Concha

**VÍA DA PLATA- ETAPA IV
25 Marzo**

Ás oito saímos cara a Laza, onde chegamos sobre as dez. Despois de tomar o café de rigor no único bar aberto, comezamos a etapa, ao principio por asfalto, seguindo o curso do Támea por unha veiga chá e aberta. Dende a última aldea e tras cruzar unha ponte medieval, emprendemos unha subida suave, pero longa que puxo ao grupo a proba. Dende arriba (o día nidio permitíao) divisábase San Mamede e o Val da Limia.

Despois de relaxarnos un pouco e reagruparnos, seguimos ata Alberguería, onde fixemos parada e fonda para comer nun souto e facer os honores ao bar, totalmente decorado con cunchas de vieira, e ao seu dono, con aspecto de hermitaño.

Reanudamos a marcha por un extenso altiplano ata que comezamos a baixar por un amplo val gozando outra vez de

impresionantes vistas, incluída a Serra do Xurés e o auténtico mosteiro de Trandeiras. Fixemos parada en Vilar de Barrio para humedecer a gorxa e coñecer a vila co seu moderno albergue.

Pasamos por varias aldeas, auténticos conxuntos arquitectónicos de granito con hórreos de estilo moi peculiar. Dende a última aldea, tomamos unha pista de terra tipo Castela, interminable. Menos mal que o bus nos esperaba en Bobadela, onde rematamos a marcha no bar de turno.

Saímos cara a Vigo pasadas as sete, facendo un retorno rápido e cómodo, se exceptuamos a molestia causada por uns indeseables entre os que se atopaba o cronista, que na "arrière" deron a vara cos seus chistes.

En suma, atractivo trazado, con pouco asfalto, climatoloxía envexable e xente estupenda. Pola miña parte, un dez.

Antonio Fernández

Club Montañeiros Celtas

**MARCHA DE PRIMAVERA:
MINAS DOS CARRÍS - NEVOSA
29 de ABRIL**

Datos de interese:

- **Duración de 7 a 8 horas**
- **Dificultade: Media**
- **Desnivel 670 metros**

Programa: Sairemos dende a fronteira de Portela D'home, onde nos deixará o autobús.

Camiñaremos río arriba por unha pista de terra e pedras soltas, ate chegar a mina dos Carrís; aquí, quen queira e teña o que hai que ter, pode bañarse no lago cristalino e, se cadra, conxelado.

Desde os Carrís, polo Altar dos Cabróns (así se chama o pico, non quen o visita), subiremos aos Nevosa (1.540 m) cun pé en España e o outro en Portugal, levando, por tanto, a Raia no medio, como debe de ser. Quen non queira subir, pode esperar nos Carrís a que regresemos.

De volta dos Nevosa, pasaremos novamente polos Carrís e comezaremos a descender pola Mina das Sombras, xa en España, ata chegar a Vilameá, unha aldea do Concello de Lobios próxima ao Balneario de Riocaldo. Aquí recolleranos o autobús.

Eliseo León

**PONTE DAS LETRAS GALEGAS .
17,18,19,20 de MAIO
PAJARES**

JUEVES 17 de Maio

SENDEIRO e MONTAÑA: Caldas de Luna - Casares de Arbas.

Ascendendo polo medio á maior das Tres Mariás o María dos Corros (1971)

VIERNES 18 de Maio

MONTAÑA: "Travesía dos dous miles". Pajares - Piedrafita

Entre as aldeas de Tonín e Pendilla de Arbas, levántanse un conxunto de cumios coñecido como "Travesía dos dous miles". 14 dous miles 14.

SENDEIRO: Pendilla - Tonín

SÁBADO 19 de Maio

SENDEIRO: Pena Celleros ou Corralón (2121)

O descenso en conxunto co grupo de travesía.

DOMINGO 20 de Maio

SENDEIRO e MONTAÑA: Fontún (1948)

As Pirámides do Fontún son unha importante atracción do alpinismo leonés.

Esta saída farase conxuntamente co Club Peña Trevinca.

Sección de Montañismo

**PIRINEOS 2007
4 ao 12 de AGOSTO**

Este ano conmemoramos o 10º aniversario consecutivo das saídas estivais á zona Pirenaica. O Val do Tena agárdanos cun programa moi especial.

Decidimos, a suxestións de numerosos socios, cambiar as datas que apareceron no calendario xeral a principio de ano.

Saída o 3 de Agosto ás 23.00h.

A estadía será o 4,5,6,7,8,9,10,11 e 12 de agosto.

Xa vos iremos dando máis información sobre o que vos propoñemos facer. Adiantarvos que coma sempre, haberá propostas para todos os gustos.

Ide planificando as vosas vacacións, e xa sabedes ¡reservade os primeiros días de agosto para pasar uns fantásticas vacacións!!!

Sección de Montañismo

Carreiras por Montaña

A FGM ten a intención de fomentar en Galicia as **Carreiras por Montaña**, especialidade deportiva que se manifesta a través de carreiras por baixa, media e alta montaña, realizándose o itinerario a pé e no menor tempo posíbel.

Para acadar os seus obxectivos, a Federación, coma primeira medida, organiza un curso para formar árbitros titulados que garanten o rigor das probas organizadas e a clasificación dos participantes.

Os federados interesados en realizar o **Curso de árbitros de Carreiras por Montaña** da FGM (con Titulación oficial FEDME), poden obter máis información no Club.

SENDEIRISMO - VINDEIRA ACTIVIDADE

**SENDEIRO
DAS BRAÑAS - GAVIEIRA (PORTUGAL)
13 de MAIO**

Entrados xa na primavera, este precioso sendeiro permitiranos descubrir un bonito enclave no veciño Portugal.

Sairemos dende a aldea de Rousas- en Gavieria, comezo deste sendeiro que pouco a pouco nos subirá ata as brañas para chegar a continuación ata o cumio Pedrada (1416 m), nun camiño de pouca dificultade.

O regreso polo Foxo do Lobo enlazará novamente co sendeiro para chegar ao punto de partida: Rousas.

Duración do camiño: unhas 5 horas

Dificultade: media-baixa.

Hora de saída dende o Club: ás 8.30 h

¡ANIMÁDEVOS, UN PRECIOSO SENDEIRO ESTÁ A ESPERAR POR TODOS E TODAS VÓS!

Sección Sendeiros

MERGULLO EN “SAMIL”

13 de xaneiro

O pasado sábado 13 de xaneiro, catro montañeiros quedamos ás dez da mañá no peirao de Bouzas: Silvia, Emilio, Oscar e Alberto.

Cargamos no barco todos os sub-aparells e... ¡puxemos rumbo á Samil! Nese mesmo mergullo atopábanse en practicas de mar do curso Marian, Puri e Juan Carlos.

Esta era unha zona de mergullo nova para a maioría polo que, expectantes e impacientes, botámonos a auga. As parellas de mergulladores foron: Oscar-Emilio e Alberto-Silvia.

Cal sería a nosa decepción que, nada máis baixar, démonos conta que a visibilidade era case nula. Eu creo que había zonas nas que non se vía nin a 25cm.

O mergullo transcorría sobre un fondo areoso delimitado por rochas na parte esquerda. En condicións normais pódense ver dúas grandes áncoras antigas e con moita sorte, algún resto arqueolóxico procedente do castro da finca Mirambel situado no outro extremo da praia, no principio da ponte de Toralla.

Mergullamos sobre uns 50 minutos a unha profundidade máxima de 15 metros.

Anque as condicións do mar non acompañaban, penso que este tipo de mergullos axudan a curtirte na arte de “mergullar”.

Sen máis, volvemos ao peirao sobre as 13.30h.

Alberto Fontenla Pita-Baamonde

MERGULLO EN “OS CASTROS”

10 de marzo

O outro día estaba eu botándolle unha ollada ao meu caderno de inmersiones cando me decatei de que por diversas razóns levaba case que oito meses sen facer unha inmersión, polo que decidín chamar a Alberto e preguntarlle cando era a seguinte inmersión. Informoume que o sábado 10 de marzo había unha saída preparada así que me apuntei.

Como estaba planeado, encontrámonos todos no Club Náutico de Vigo ás 3 da tarde (a hora escolleuna Alberto...). A inmersión fixémosla co club de mergullo Ribeira Sacra de Vigo.



Unha vez preparamos todo o material, subimos ao barco e comezamos a viaxe cara o lugar de mergullo escollido. Tratábase de “Os Castros”, un fondo rochoso situado preto de Cabo Home.

Tras facer os grupos de mergulladores, botámonos a auga e comezamos a descender polo cabo da áncora seguindo ao xefe de grupo. A medida que iamos descendendo eu fun recordando as sensacións que se experimentan ao estar mergullado, que as tiña un pouco esquecidas. Tras alcanzar o fondo, que se atopaba a uns 11 metros de profundidade, comezamos a nadar sobre un fondo rochoso con abundante vexetación, pero, debido á mala visibilidade, non puidemos observar demasiada vida animal. Isto provocou tamén que perdésemos a compoñentes do grupo varias veces e tivésemos que esperar no fondo ata atoparnos todos de novo. Tras corenta minutos de inmersión decidimos comezar a ascender xa que gastáramos moito aire subindo e baixando para xuntar o grupo. Pese á temperatura da auga e á escasa visibilidade gocei da inmersión e servíume para lembrar a desenvolverme baixo a auga. Cando xa chegamos todos ao barco e, tras desprendernos de todos os trastes de mergullo, iniciamos a volta cara a Vigo. Chegamos moi cansos, pero coa marabillosa sensación que che queda no corpo tras facer mergullo e con ganas de repetir pronto.

Guillermo de Oca Montero

MERGULLO EN “AREAMILLA”

24 de marzo

Nesta saída, como outras veces acompañamos aos compoñentes dos cursos de 1E organizados polo club, que están realizando as súas prácticas de mar; eles cos seus respectivos instrutores, e eu coa miña nova “parella de feito”, Emilio. Esta vez trío, pois Marcos cortésmente ofreceuse de guía de grupo. Tras amarrar “Ten do teu” a unha das bateas situada fronte á praia de Areamilla, equipámonos e mergullámonos cun “paso de xigante”. Este lugar de mergullo é doado e moi agradecido, o seu fondo é de area, salvo o que coincide xusto baixo ás bateas, cheo de cunchas, estrelas de todo tipo, ourizos, nécoras subindo polas cadeas de suxeición, con sorte algun polvos, chocos e diversidade de peixes que algun día espero chegar a identificar con soltura. A profundidade máxima foi de 16 metros, a visibilidade aceptable, e a auga como non, tras pasar 45 minutos frrrrria!, a dificultade está en orientarse ao non ter referencias claras, e se non consegues saír á superficie preto do barco, entón os últimos metros pois xa sabedes, con coidado, por aquilo do tráfico. Parece que o grupiño de actividades de mergullo estase animando e isto

Oscar Quiñones Prado

**SERRA ENCIÑADA LA STRA
17 - 18 DE FEBREIRO**

Hai algunhas cavidades que pola súa localización ou polo seu trazado pasan desapercibidas durante anos, temos algunha mostra das mesmas e lembramos referencias que ás veces pérdense na memoria e outras nin sequera existen na memoria. Falamos de Pala da Vella e a Sima Vidal ás que haberá uns dez anos que non iamos e da Sima do Angel, localizada na parte leonesa da Serra, á que hai moitos anos que ninguén do club visitou e as últimas xeracións de espeleólogos do club non coñecemos.

No noso afán de completar datos e reseñas das cavidades que visitamos, fomos esta fin de semana un grupiño máis ben reducido. Chovía, os días son pequenos e a noite botousenos enriba axiña. Xa era a noite do sábado e estabamos buscando a Pala da Vella, despois da infrutuosa busca da Sima do Angel, cunha molladura no corpo xeitosa. O domingo comezamos buscando a Sima Vidal e máis do mesmo, as lembranzas despois de tantos anos fanse confusas, a vexetación medra, ... e non aparece a entrada da cova. A mediodía deixamos a busca para ir a tiro fixo á Pala da Vella, xa que de día as cousas vense distintas e desta cavidade gardamos algunha lembranza. Aparece a



cavidade, visitámola, tomamos algunha referencia da súa localización e damos por rematada a actividade da fin de semana que traducimos en camiñada entre aciñeiras e castiñeiros, realmente moi gozosa, tanto, que fai que agradezamos non topar as cavidades.

Volvemos para Vigo, xa a tardiña, agás Alberto e Iago que ao día seguinte, luns, irían a Cornatel.

A Sección

**SAÍDA INFANTIL “COÑECE AS COVAS”.
COBAS (OURENSE), 10 e 11 DE MARZO**

Durante a fin de semana do 10 e 11 de marzo sufrimos unha especie de tolemia xeral... os pequenos estaban revolucionados e non había quen os parase...

Celebramos en Cobas (Ourense) unha saída infantil, sendo os protagonistas: Antón, André, Brais, Daniel, Samuel, Marina, Estela, Alberto e Nerea.

Nada máis chegar ao refuxio o sábado, xantamos e preparamos as sacas e o material para ir de covas.

Despois dun paseño dunha hora costa arriba chegamos á Pala da Vella, onde fixemos dous grupos para introducirmos nas “escuras e misteriosas entrañas da terra” (algún ía de estreo nestas lindes). Percorremos unha sala, unha galería por aquí, outra por alá... observamos distintas formacións e algúns morcegos (psiiii...silenzo, que dormen). Algún repetiu e volveu a entrar facendo de guía co segundo grupo. Mentres, os demais, a facer de xabarís polo medio das xestas...



Volta para o refuxio e como había tempo, pois instalamos unhas cordas nunha parede ao carón do refuxio... e a practicar as técnicas de vertical. E tanto practicamos que se nos fixo de noite e algún acabou facendo as manobras coa luz do frontal, como se estivera dentro dunha cova.

De cea, espaguetis ricos ricos!!... e charla e conversa ata que nos fomos metendo no saco.

O domingo tras unha noite algo alborotada (houbo quen non oíu nada), erguémonos dispostos a facer máis covas.

Fixemos dous grupos, un composto por Carol, Óscar Q., André, Brais e Daniel foi á Pala do Forno, un pequeno pozo de 13 metros onde puxeron en práctica o aprendido.

O outro grupo formado por Lourdes, Emilio, Eugenia, Antón, Marina, Samuel, Estela, Alberto e Nerea foi á Pala



da Zorra, onde tiveron que dar volta para respectar os morcegos que había dentro. Acompañáronnos Chus, Camilo, Carlos e Ana e Nala (a cadela).

Volta para o refuxio andando, xantamos e empezamos a recoller e limpar todo, para deixar o refuxio e volver para Vigo.

A Sección

Edita: Club Montañeiros Celtas.

Dirección: Marisa Núñez Suárez

Coordinación: Xulio Troitiño Dapena - Deseño e maquetación: Sechu López Pérez

Traducción e corrección lingüística: Marisa Núñez e Xulio Troitiño.

Colaboran neste número: Conchi Barciela, Antonio Fernández, Fernando Fernández, José Luis Vázquez, Eliseo León, Concha Gilino, Carolina Rodríguez, Carmen Fernández, Cándido Rial, Federico Rodríguez, Oscar Sueiro, Alberto Fontenla, Guillermo de Oca, Oscar Quiñones e Lourdes Castiñeira.

Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.

Imprime: Garpe. Depósito Legal: VG:40-1998. Impreso en papel reciclado.

Subvencionado pola
Presidencia da Xunta
de Galicia.

Secretaría Xeral de
Política Lingüística.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística



Colabora
Concello de Vigo
- Área de
Participación
Cidadá

VINDEIRAS ACTIVIDADES

MES	DÍAS	LUGAR	ACTIVIDADE	ORGANIZA
A B R	29	Galiñeiro	Iniciación á Escalada	S.Infantil-S.D. Escalada
	29	Nevosa-Minas Carrís	Marcha de Primavera	S.D. Montañismo
	28/04-01/05	Asón (Cantabria)	Xornadas de travesía en cavidades	E.G.E.
M A I O	1	Galiñeiro	Xornadas de iniciación á escalada	S.D. Escalada
	4	Local Social	Presentación XL Operación Benxamín	S. Infantil
	5	Redondela	Marcha das Greas	FGM
	5,6	Monte Aloia	XL Operación Benxamín	S. Infantil
	6	Cabo Udra	Inmersión submarina dobre	S.D. Actividades Subacuáticas
	6	Coruxo	Bici de Montaña polos montes de Coruxo	S.D. Bici de Montaña
	13	Gavieira-Portugal	Sendeiro das Brañas	S.D. Sendeirismo
	12-13		Curso Orientación en Montaña	FGM-EGAM
	13	Val de Poios (Portugal)	Xornadas de escalada	S.D. Escalada
	13	Montes de Oia	XL Operación Benxamín	S. Infantil
	17, 18, 19, 20	Villamanán	Montaña de Argüellos	S.D. Montañismo
	19-20		Curso de Escalada-Iniciación	FGM-EGAM
	26-27	Brañas da Serra (Lugo)	Campamento Galego Infantil Xuvenil de Espeleo	F.G.E.- GES M CELTAS
	26	Nigrán	Inmersión submarina Illas Estelas	S.D. Actividades Subacuáticas
27	Pazos de Borbén	Serra do Galleiro	S.D. Bici de Montaña	
27		Camiño de Santiago- Vía da Prata- VI Etapa	S.D. Senderismo	
X U N O	2	Vigo	III Campionato de Escalada Base	FGM-C.M. CELTAS
	2		Curso de Escalada en Parede	FGM-EGAM
	3	Mondariz-Balneario	Descenso do Río Tea	S.D. Actividades Subacuáticas
	8	Local Social	Clausura XL Operación Benxamín	S. Infantil
	9	Vegacervera (León)	Xornadas de Escalada	S.D. Escalada
	10	Arcade	Entre Rías	S.D. Montañismo
	17		Piragüismo popular	S.D. Actividades Subacuáticas
	17-18		XX Marcha con Vivac	FGM-S.M. Artabros
	17-18		Curso de Escalada Artificial	FGM-EGAM
	23	O Grove	Inmersión submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	24	Donón	Xornada de escalada en O Facho	S.D. Xuventude-S.D. Escalada
	23-24	Caurel	12 Campamento Social Infantil-Xuvenil de Espeleoloxía	S.D. Espeleoloxía
	23-24		XXXVI Campamento e Marcha Infantil-Xuvenil de Montaña	FGM-C.P. TREVINCA
	23-24		XIII Descenso de Barrancos	FGM-C.M. CELTAS
	23-24	Chandrea	Travesía Serra de Queixa	S.D. Montañismo
	30/06-01/07		Curso de Escalada en Fisuras	FGM-EGAM
30/06-01/07		Curso de Descenso de Barrancos	FGM-EGAM	
30/06-01/07		XVII Campamento galego descenso de canóns	F.G.E.	

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

w Avda. Camelias 78, Oficina K. 36211 - Vigo

w Apartado de Correos 1836. 36200 - Vigo

w Teléfono: 986 438 505 - Fax: 986 912 220

w Internet: www.celtas.net

w Correo electrónico: info@celtas.net

w Horario: 19.00 h - 21.30 h, de martes a venres